



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificación

M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de marzo de 2023, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle para axuste de aliñacións sinaladas polo PXMO na Rúa Fornos (Mainca)

"Con data 17 de marzo de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcrición literal parcial*):

"(...)

1. OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000027 (FG NÚM. 714)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle para axuste de aliñacións sinaladas polo PXOM en rúa Fornos (Maianca)
ENTIDADE PROMOTORA	Concello de Oleiros
ENTIDADE REDACTORA	Monteoliva Arquitectura S.L.P. (B15148729)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do Estudio de Detalle correspóndese co tramo do camiño de Fornos que se corresponde cos números, 7, 9 e 25. Catastralmente correspóndense coas parcelas catastrais 5135604NJ5053N, 5135606NJ5053N, 5135608NJ5053N, 5234901NJ5053N, 5234913NJ5053N, 5234917NJ5053N, 5234915NJ5053N, 5234916NJ5053N e 5234909NJ5053N.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	16.12.2022 nº rexistro 2022022790
INFORME TÉCNICO	Emitido informe á aprobación inicial polo arquitecto municipal Alfredo Olañeta en data 29 de decembro de 2022
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	NRE 2023004304, de 13 de marzo de 2023

2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL	Emitido informe á aprobación inicial polo arquitecto municipal Alfredo Olañeta en data 29 de decembro de 2022 Emitido informe á aprobación definitiva polo arquitecto municipal Alfredo Olañeta en data 17 de marzo de 2023
APROBACIÓN INICIAL	Apróbese inicialmente por Decreto 2023000090, 5 de xaneiro, coas seguintes condicións: <ol style="list-style-type: none">No punto 4 da Memoria deberá corrírse o texto por haber dous erros materiais: Onde pon: "4. Nas parcelas catastrais 5234915NJ5053N e 5234917NJ5053N, Rúa..." debara poñer: "4. Nas parcelas catastrais 5234915NJ5053N e 5234916NJ5053N, Rúa..." Onde pon: "6. Neste fronte do camiño da parcela 5234909NJ5053N, Rúa..." Debara poñer: "6. Neste fronte norte do camiño da parcela 5234909NJ5053N, Rúa..."<u>Débense completar os planos de ordenación co plano do Plan xeral corrixido coa nova aliñación.</u>



CONCELLO DE
OLEIROS

	A documentación debe formalizarse de acordo coas exigencias das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia NNTTPUG. Estas NNTTPUG tense modificado por Orde de 08.04.2022, DOG nº 78 de 25.04.2022.
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. TITULARES	Notificación a titulares catastrais Anuncio DOG núm. 20, de 30 de xaneiro de 2023 Anuncio no xornal La Voz de Galicia 31 de xaneiro de 2023
ALEGACIONES	Non se presentaron
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	NRE 2023004304, de 13 de marzo de 2023
GARANTÍA ESIXIDA	Non se esixe

3. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes
- b) Ordenar os volumes edificables
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.
- d) Calquera outro documento que poida contribuir á xustificación da proposta.

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe, téndose cumprido coa emenda requirida na aprobación inicial.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polos particulares lexitimados para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse polo promotor a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigación de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigación de conservación da urbanización corra a cargo dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigación.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado polo Concello.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non foi necesario solicitar os informes.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Alcalde, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe do secretario municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:



**CONCELLO DE
OLEIROS**

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 7 a 10 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:


PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000027 (FG NÚM. 714)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle para axuste de aliñacións sinaladas polo PXOM en rúa Fornos (Maianca)
ENTIDADE PROMOTORA	Concello de Oleiros
ENTIDADE REDACTORA	Monteoliva Arquitectura S.L.P. (B15148729)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do Estudo de Detalle correspóndese co tramo do camiño de Fornos que se corresponde cos números, 7, 9 e 25. Catastralmente correspóndense coas parcelas catastrais 5135604NJ5053N, 5135606NJ5053N, 5135608NJ5053N, 5234901NJ5053N, 5234913NJ5053N, 5234917NJ5053N, 5234915NJ5053N, 5234916NJ5053N e 5234909NJ5053N.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	16.12.2022 nº rexistro 2022022790
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	NRE 2023004304, de 13 de marzo de 2023

SEGUNDO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 7 a 10 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.